



Concello de Vigo

ISAURA ABELAIRAS RODRÍGUEZ, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 14 de xuño de 2010, adoptou o seguinte acordo:

34.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SALVAMENTO E SOCORRISMO EN DETERMINADOS AREAIS DE VIGO 2010 MEDIANTE PROCEDIMENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE. EXPTE. 7057/306.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da secretaria da Mesa de Contratación do 14.06.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

“ Adxudicar definitivamente á mercantil AQUALIA GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA, S.A., o procedemento negociado con publicidade para a contratación dos servizos de salvamento e socorrismo en areas do Concello de Vigo (expediente 7057-306) por un prezo total de 439.722,32 euros IVE incluído (a cota correspondente ó IVE é de 67.076,29 euros) e coas seguintes prestacións adicionais:

-Propón a execución das seguintes melloras do servizo:

1. Repetidor con VHF con frecuencia propia (1 unidade).
2. Fundas estancas “Marina acuapack” para emisoras de VHF (26 unidades).
3. Alugamento de módulos ou casetas de socorrismo “Origin 10 d Gama Origin con aire acondicionado” (2 unidades).

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 14 de maio de 2010 e a oferta presentada”.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a catorce de xuño do ano dous mil dez.

am

V. e Pr.
O ALCALDE.
Abel Caballero Alvarez.